# Introdución de usos contemporáneos en fortificacións medievais

## Estudo de dous casos en Galicia

**CARMEN RODRÍGUEZ SANDE**

TRABALLO FIN DE GRAO



TITOR: **ANTONIO S. RÍO VÁZQUEZ**
DEPARTAMENTO DE PROXECTOS ARQUITECTÓNICOS, URBANISMO E COMPOSICIÓN

# INTRODUCIÓN DE USOS CONTEMPORÁNEOS EN FORTIFICACIÓNS MEDIEVAIS.

ESTUDO DE DOUS CASOS EN GALICIA

Carmen Rodríguez Sande

DNI:45908189z

Materia y Memoria:el monumento como lugar de diálogo

2019/2020

Fecha: 04/09/2020

Tutor: Antonio Santiago Río Vázquez

Departamento: Composición Arquitectónica

ÍNDICE:

RESUMO .................................... 11

INTRODUCCION AO TEMA A TRATAR. ................................... 13

RESUMO DA HISTORIA DOS CASTELOS .................................... 19

TRANSFORMACIONS SUFRIDAS ATA O SÉCULO XX .................................... 31

ANÁLISE DOS DOUS EDIFICIOS EN CANTO A SÚA ARQUITECTURA ............................. 38

COMPARACIÓN CON OUTROS EDIFICIOS DE SIMILARES CARACTERÍSTICAS NA COMUNIDADE ........ 42

PROPOSTA DOUTRAS ACTIVIDADES POSIBLES NOS EDIFICIOS ...................... 46

CONCLUSIÓNS .................................... 52

BIBLIOGRAFÍA ...................................... 56

## Agradecementos

Agradecer primeiramente ao profesor Antonio S. Río Vázquez o terme axudado no proceso da creación deste traballo, e por animarme sempre a continuar.

Agradecer a todas aquelas persoas que me axudaron a coñecer ensinandome partes ocultas e me contaron as historias dos castelos, por amosarme unha visión propia do lugar ao que pertencen os castelos.

Aos que me acompañan en todas as miñas viaxes, non sería posible sen vos.

Un último agradecemento aos meus compañeiros, Carmela, Kevin e Marcos, que están comigo dende os inicios e que me apoian sempre en todo aquelo que intente.

Decido investigar sobre as transformación nos castelos por un interese persoal, pola fascinación que causan as historias da época medieval: guerras, castelos, as Cortes reais, época de cabaleiros…

Ademais, estes son edificios en moitas ocasión clasificados nunha tipoloxía demasiado ampla, na que non todos encaixan da mesma forma: Castelos.

Preténdese con isto por un lado profundizar nos castelos que atopamos na terra galega, á vez que entender cómo a súa historia influe no seu presente.

# RESUMO


PALABRAS CHAVE

*Arquitectura*

*Castelos*

*Galicia*

*Idade Media*

*Restauración*

Nas ultimas décadas as restauracións de numerosos edificios considerados Ben de Patrimonio Nacional e Cultura, levaron a súa transformación en Museos e Hoteis entre outros. Este é o caso dos castelos do Sobroso e o de Monterrei, respectivamente. As razóns que levan a dedicación de cada un dos edificios a súa función actual, son moi variadas e dependen tanto da súa estrutura física coma da historia que os levou ata ela. Para explicar como chegaron estes edificios ao seu estado actual, son necesarias as comparacións con outro castelos da nosa comunidade, co fin de atender ao conxunto de posibilidades e unha maior comprensión de evolución. Ande a dedicación dos edificios ás súas funcións actuais, proponse a posibilidade de cambiar as mesmas.

PALABRAS CLAVE

*Arquitectura*

*Castillos*

*Galicia*

*Edad Media*

*Restauración*

En las últimas décadas las restauraciones de numerosos edificios considerados Bien de Patrimonio Nacional y Cultural, llevaron a su transformación en museos y hoteles entre otros. Este es el caso de los castillos del Sobroso y el de Monterrey, respectivamente. Las razones que llevan a la dedicación de cada uno de los edificios a su función actual, son muy variadas y dependen tanto de su estructura física como de la historia que los llevó hasta ella. Para explicar como llegaron estos edificios a su estado actual, son necesarias las comparaciones con otros castillos de nuestra comunidad, con el fin de atender al conjunto de posibilidades y una mayor comprension de evolución. Ante la dedicación de los edificios a sus funciones actuales, se plantea la posibilidad de cambiar las mismas.

KEYWORDS

*Architecture*

*Castles*

*Galicia*

*Middle Ages*

*Restoration*

For the past decades, the restoration of many buildings considered to be National and Cultural Heritage Assets led them to become museums and hotels, among others. It is the case of the Sobroso and Monterrey castles, respectively. The reasons for the current purpose of each one of these castles are very assorted and depend on both their physical structure and the historical facts which led them to acquire such structure. In order to explain how these buildings reached their current condition, comparisons with other castles from our community are needed, with the purpose of taking into account all the possibilities as well as to understand their evolution in a deeper way. Given the functions these buildings are currently carrying out, the possibility of changing them is suggested hereinafter.



*Fig2. Restauración San Juan de los Reyes. Procedencia: 2*

# INTRODUCIÓN

A finais do século XIX e no século XX, a sociedade española comezou a percatarse da existencia e da necesidade de salvagardar os edificios históricos que tiñan ao seu redor.

Por elo, desde o estado, comezouse unha labor de recuperación e restauración de edificacións tales coma os pazos, castros, castelos, igrexas...

Chama especialmente a atención o tratamento diferenciado que se lle deu a construcións nun principio tan similares como poden ser os castelos que se atopan ao longo do territorio galego e español, aínda que nos centraremos na nosa comunidade autónoma.

As restauracións dos castelos podemos afirmar que son unhas das máis tardías, pois en moitos casos estiveron en mans privadas ata épocas recentes, como pode ser o caso do castelo de Vimianzo ou o Do Sobroso ( dos cales se falará mais adiante). Noutros casos, como no de Monterrei, a restauración e rehabilitación faise décadas antes pola pertenza do espazo ao estado.

As funcións ás que se dedican estes edificios unha vez intervidos son moi diferetes, pois a pesares de seren clasificados na mesma tipoloxía, son moitas as características que poden condicionar a súa función contemporánea. Así, as funcións actuais destes edificios históricos pódense clasificar en:

- Uso museístico: o máis extendido pola orografía galega. En numerosos casos os edificios aos que nos enfrontamos teñen como obxectivo amosar a historia do lugar á vez que acollen mostras de artesanía local.
- Uso hoteleiro: aínda que son menos numerosos, os castelos transformados en hotel, xa sexa a gran escala como pode ser un parador ou a menor escala como pode ser unha casa rural, atopamos exemplos tanto de grandes superficies coma de pequenos espazos, en función do obxectivo.

# INTRODUCIÓN



*Fig.3. Castelo de Ashford. Procedencia: 3*

Esta clasificación podemos extendela a todo o territorio europeo, onde moitos castelos medievais e renacentistas se transformaron e transforman seguindo estes usos. Hai que apuntar, que un gran modelo a seguir segundo os europeos e o impulsado polo réxime franquista: a creación de Paradores Nacionais. Estes hoteis, creáronse dentro de espazos culturais e históricos coa finalidade de aliviar a carga económica que podía supor o mantemento dos edificios históricos nun país coma España, onde o patrimonio é moi extenso.

Ao longo deste traballo vanse expor fundamentalmente os condicionantes de dous castelos da orografía galega, coa finalidade de comprender as circunstancias que levan a dedicación de cada un a actividades diferentes, e as posibilidades de cada un para mudar esta actividade.

Os castelos a tratar serán o de Monterrei na provincia de Ourense, e o Castelo do Sobroso na provincia de Pontevedra.

Sabemos da existencia do castelo de Monterrei dende o século XIII (1262), cando o rei Alfonso X logra fundar unha poboa no lugar onde seu avó Alfonso IX de León xa o intentara.

Pola contra, do castelo do Sobroso temos noticias un século antes, no XII (1117) coas crónicas que contan como a raíña Urraca se ve recluída neste castelo polos partidarios do sei fillo Afonso VII.

Se falamos da historia dos castelos, non podemos tratalos por igual, pois os feitos históricos que os concirnen son na súa maioría diferentes, e polo tanto as repercusións nos castelos tamén o son.



*Fig.4 Retrato Dona Urraca I. Procedencia: 4*



*Fig.5 Retrato Alfonso X o Sabio. Procedencia: 5*

# INTRODUCIÓN

E aquí pois, cando se ten que explicar a elección destes dous edificios en vez de outros que poderían ter moito máis en común  entre si e permitir establecer unha comparación máis directa, como podería ser o propio Castelo do Sobroso e o Castelo de Vimianzo, similares en estilo, forma e historia.

A primeira das razóns para esta decisión é o feito de querer demostrar a utilización de edificios clasificados nunha mesma tipoloxía para fins totalmente opostos.

A segunda razón basease na situación xeográfica de ambos edificios e os feitos históricos que os relacionan contra todo prognóstico, especialmente nos enfrontamentos da nobreza española.

En canto a situación xeográfica, é destacable a forma na que se sitúan os castelos relevantes a nivel histórico ao longo do territorio español, especialmente no térceo norte do país.

Isto podería explicarse polo avance da "Reconquista" cristiá, na que os castelos se situaban nas fronteiras  como fortalezas para asegurar os territorios e protexer as xentes que neles vivían.

Aínda que esta podería ser unha explicación válida para Sobroso, no caso de Monterrei, a súa fundación basease en decisións de política territorial e distribución de poderes.

1. *Castelo de Vimianzo.*
2. *Castelo dos Templarios*
3. *Castelo real de Olite.*
4. *Castelo de Loarre.*
5. *Castelo de Sobroso.*
6. *Castelo de Monterrei.*
7. *Castelo de Peñafiel*




*Fig.6 Mapa físico Península Ibérica. Procedencia: 6*

# INTRODUCIÓN

Como consecuencia, atopamos na xeografía galega dous elementos como son o Castelo do Sobrosoe o de Monterrei, localizados nunha situación respecto de Portugal e na súa propia provincia moi similares. Isto facilitaba a dedicación ás mesmas actividades de control de fronteiras e mercadorías para os señoríos dende os respectivos castelos para os seus donos.

Hai que destacar que é a propia xeografía galega a que vai a condicionar en gran medida a evolución dos dous castelos. Mentres que un sofre levantamentos e se atopa nun lugar que non permite a fácil expansión, o outro ten que por fronte as guerras con Portugal xa que non consta dunha protección natural como pode ser o rio Miño, e si que ten espazo e facilidades para crecer no seu ámbito.

Apuntar porén que falamos de dous castelos de consideracións por parte da Coroa e da sociedade totalmente diferentes: Monterrei goza dunha atención especial dende a súa fundación por parte da Coroa, mentres que Sobroso é un castelo usado principalmente para o control de paso, e que no seu momento foi un punto estratéxico para aqueles que pretendían instaurar unha monarquía galega, a cal non tivo a forza suficiente por falta de unidade. Isto levou a que a Coroa castelá decidira non apoiar o crecemento deste último castelo e pasara a ser problema de familias nobres.




1. *Castelo de Vimianzo.*
2. *Castelo de Sobroso.*
3. *Castelo de Monterrei.*

*Fig.7 Mapa físico de Galicia. Procedencia: 7*

## RESUMO DE HISTORIA DOS CASTELOS



*Fig.8 Debuxo utópico dun Castelo. Procedencia: 8*

Para tratar o tema decídese contar cada unha das historias por separado coa finalidade de conseguir entender aqueles aspectos que afectaron a cada castelo, as comúns e as diferentes.

## RESUMO DE HISTORIA DOS CASTELOS

## SOBROSO



*Fig.9 fotografía do Castelo do Sobroso. Procedencia: 9*

## RESUMO DE HISTORIA DOS CASTELOS
## SOBROSO







*Fig.10,11,12 Debuxos do Castelo do Sobroso. Procedencia: 10*

Podemos dicir que os grandes momentos históricos que sufriu este castelo foron enfrontamentos bélicos: o sitio de dona Urraca I (1117); as revoltas irmandiñas (1467-1469); e a Guerra de Sucesión Castelá (1475-1479).

Contaremos pois estas historias dende o punto de vista no que o castelo e un "lugar de historia" no que cada momento relevante deixou unha impronta física no conxunto, dende a aparición de pasadizos, ata reforzos das defensas ou derribamentos no edificio.

Sabemos deste Castelo dende 1117, ano no que a raíña dona Urraca I de León se ve obrigada a escapar do seu Castelo e cercada no do Sobroso polos partidarios do seu fillo o rei neno don Afonso VII de León, coñecido como "O Emperador". Segundo a lenda, a raíña conseguiu escapar grazas ao uso dun pasadizo que desembocaba no río Tea. Desta forma, comeza a historia coñecida da fortificación.

A partir de entón, o castelo de propiedade da coroa de León e logo da coroa de Castela, pasa a ser entregado como propiedade e responsabilidade aos condes de Ribadavia ou de Soutomaior, manténdoo como propio ata o século XV.

É con estes condes con quen coñece o seu maior esplendor e a súa maior relevancia, especialmente durante a época de Pedro Madruga no século XV. É neste momento histórico no que suceden dous enfrontamentos bélicos que marcan a historia do castelo e do país: as guerras irmandiñas e a guerra de sucesión castelá.

**RESUMO DE HISTORIA DOS CASTELOS**

**SOBROSO**



*Fig.13 retrato Pedro Madruga*
*Procedencia: 11*

As guerras irmandiñas comezan en Galicia en 1467, e poñen a nobreza galega en xaque. Os campesiños galegos, famentos e explotados, levántanse en armas contra os señores que os oprimen, e conseguen expulsalos dos seus castelos.

Como consecuencia, os nobres galegos foxen a Portugal, León, Castela... O resultado directo da revolta, foi a destrución de pazos, castelos, e todo tipo de propiedades que pertencían aos señores e que representaban a opresión do pobo e o poder da nobreza.

As consecuencias físicas para as propiedades dos nobres, especialmente para os castelos que simbolizaban o seu poder e a opresión ao pobo, foi a destrución dos  mesmos. Aínda que non derribaron na súa totalidade ningunha destas construcións, si que lles inflixiron fortes danos que tardarían en ser reparados.

Así o castelo de Sobroso non é unha excepción no que respecta ao impacto físico. A destrución chega a ser case total, a excepción da torre principal, co que o castelo que coñecemos hoxe en día non é o orixinal.

Os levantados en armas, non tiñan líderes, e non seguían plans, o que lles facilitou aos que querían recuperar o seu poder, sementar as discordias e avanzar territorio de maneira rápida.

É un dos primeiros castelos en ser recuperados das mans dos irmandiños e polo tanto un dos primeiros en comezar as obras de reconstrución de mans de Pedro Madruga.

É precisamente o Conde de Ribadavia quen comeza a recuperación dos castelos apoiando a nobreza galega grazas as amizades feitas co rei de Portugal ao fuxir tralos levantamentos ao territorio luxo.

As fuxidas dos nobres, estableceron as lealdades e relacións que estes ían manter no futuro. Deste xeito, aqueles que fuxiron a Portugal, manteríanse fieis a coroa dese país, mentres que os que fuxiron a Castela se manterían fieis a coroa castelá. Isto marcou a evolución da Guerra de Sucesión Castelá no territorio galego e as posteriores consecuencias.

## RESUMO DE HISTORIA DOS CASTELOS

### SOBROSO



*Fig.14 Debuxo interior Torre do Sobroso.*
*Procedencia: 12*



*Fig.15 Fotografía do s. XX*
*Procedencia: 13*

Tras recuperar o castelo, comézanse as obras de reconstrución. Estas vense detidas en 1475 cando estala a Guerra de Sucesión Castelá trala morte do rei Enrique IV en 1474 e que comezasen as disputas internas na corte Catelá-Leonesa. Xoana de Trastámara (1462-1530) declarada reina trala morte de seu pai, é casada en 1475 co rei de Portugal. En paralelo, a raíña Isabel I (1451-1504), casada con Fernando V de Aragón (1452-1516) dende 1469, tamén o é polos adversarios a Xoana.

Polas diferentes lealdades gañadas na anterior revolta, os nobres galegos comezan a enfrontarse entre si, sendo o Sobroso xunto con Soutomaior, un dos nodos máis importantes no territorio galego. O conde de Ribadavia apoia a herdeira Xoana de Trastámara, a Beltranexa, (1462-1530) fronte a súa tía Isabel a Católica (1451-1504).

Sobroso convértese no punto estratéxico na resistencia ao poder castelá, o que provoca un reforzamento no papel militar do castelo, e lle confire importancia unha vez máis na historia nacional. O castelo a medio reformar volve a sufrir duros ataques que novamente afectan a constitución física da construción. Como resultado da guerra, en 1479 Xoana e os seus partidarios vense exiliados ou condenados, e Isabel I é declarada oficialmente a raíña de Castela e León.

As forzas do conde de Ribadavia e polo tanto do castelo do Sobroso estaban minguadas tralos enfrontamentos cos irmandiños, mentres que os isabelinos, maioritariamente nobres con posesións en Ourense e relación coa Igrexa, non sufriran as consecuencias do levantamento con tanta afectación polo apoio do groso da nobreza da Corte.

Como consecuencia da guerra de sucesión, o conde e expulsado das súas propiedades e o Castelo pasa a ser ocupado por García Sarmiento, quen segue reconstruíndo a fortaleza.

Tras todos estes acontecementos, o Castelo non sofre mais cambios e perde definitivamente o seu papel militar no século XVIII. É abandonado e convértese nunha ruína.

Durante toda a súa historia coñecida o seu papel principal foi o control das comunicacións entre o interior e a cidade de Tui.

En 1923 pasa a mans privadas e é reformado por este novo dono. En 1981, a deputación de Pontevedra recupérao. Na actualidade, o seu uso é plenamente museístico e de difusión da cultura e artesanía populares. As reformas dende que comezaran remataron no ano 2018 para a adaptación das necesidades actuais o lugar (auga corrente, luz eléctrica, etc).



*Fig.16 Fotografía museo do Sobroso*
*Procedencia: 14*

**RESUMO DE HISTORIA DOS CASTELOS**

**MONTERREI**



*Fig.17 Fotografía Castelo de Monterrei*
*Procedencia: 15*

## RESUMO DE HISTORIA DOS CASTELOS
## MONTERREI



*Fig.18 Plano século XVII*
*Procedencia: 16*

Coa mesma finalidade de contar a historia do castelo e a súa importancia na Historia Nacional, valorándoo coma “un lugar de historia”, enfocarase esta explicación coma a anterior, intentando esclarecer o impacto mutuo.

A creación da acrópole de Monterrei comeza en 1262 coa consecución do asentamento dunha poboa da man do rei don Alfonso X O Sabio. Sendo isto certo, hai que facer referencia ao feito de que xa no momento no que dona Urraca I escapa de León, Monterrei é nomeado coma un punto pertencente a súa irmá dona Teresa de Portugal, usándoo coma referencia.

O conxunto evoluciona dunha forma habitual, coa aparición de novas construcións e oficios, baixo a vixía e pertenza á Coroa dende a súa fundación ata o século XV.

Dende o a súa aparición, intenta rivalizar comercialmente con Verín, pero non o consegue pola menor poboación que acode as feiras dentro das murallas respecto á feira que se montaba en Verín.

Por outro lado, cabe destacar o interese que teñen as familias nobres galegas en adquirir e facerse donos do territorio que controla o castelo, e da propia construción.

Nos séculos XIV e XV, xogará principalmente un papel simbólico a nivel militar, político e relixioso, aínda que participará de forma activa na Guerra de Sucesión.

O rei Juan II cede a Diego López Stúñiga a propiedade en 1432, pasando así por primeira vez a ser a cabeza dun condado. Á morte de don Diego, os seus fillos Juan e Pedro Zúñiga comezan unha disputa pola propiedade que provocará o cambio de mans entre os irmáns de forma intermitente. Como resultado, a coroa intervén requisando novamente a propiedade co fundamento legal de protexer a identidade do territorio. Apuntar que durante o cambio de mans da propiedade, comezase a construción do palacio renacentista que se atopa no conxunto, comezando as obras en 1458 e rematándoas en 1474, estando paradas entre 1466 e 1469 polos irmandiños.




*Fig.19 Recreación Guerra Irmandiña*
*Procedencia: 17*

Coa guerras irmandiñas, Juan Zúñiga, quen nese momento ocupaba o castelo, vese exiliado e recorre a Castela para refuxiarse. Hai que indicar que no mesmo momento da revolta irmandiña, a propia coroa vese en plena guerra, pois Enrique IV e o seu medio irmán Alfonso, loitan polo trono. Así en 1466 a vila atopábase en mans dos irmandiños, o que seguirá ata o ano 1469, co remate da soberanía irmandiña e a recuperación por parte dos nobres dos castelos. Como consecuencia da ocupación irmandiña, a torre da homenaxe foi derribada polo levantados en armas. Ao recuperar o castelo, o conde ordenou a construción dunha torre a cal acabará de construírse en 1482, e reconstruíu a orixinal.

Para conseguir unha maior forza ante o arcebispo de Santiago e Sevilla Alfonso de Fonseca I (interesado na propiedade de Monterrei, e en xeral en todas as propiedades dos nobres galegos) e a marquesa de Astorga, Juan Zúñiga, Pedro Álvarez de Soutomaior (Pedro Madruga) e o conde don Sancho de Ulloa, asócianse para facer unha fronte común ante os intereses dos anteriores.

Coa guerra de sucesión castelá, esa última asociación vese rota polas lealdades gañadas durante as Guerras Irmandiñas. Trala morte de Juan Zúñiga en 1474 e o paso a mans de Teresa Zúñiga e Sancho Ulloa de Monterrei, estes apoian a Isabel a Católica e enfróntanse de forma activa con aquel que fora o seu aliado, Pedro Madruga. Como resultado, o conxunto vese reforzado de forma militar.

Coa adquisición da vila por parte do arcebispo de Santiago e Toledo, Alfonso de Fonseca II, da Vila en 1513, e a posta en cabeza de don Alfonso Acevedo e Zúñiga, o comercio por fin comeza a ter a importancia que pretendía ter séculos antes.

Ademais, o novo dono don Alfonso Acevedo e Zúñiga tamén trae cambios físicos pois intervén no palacio renacentista, engadindo os brasóns das familias, as galerías... e en canto as murallas refórmaas, ademais de rehabilitar a fonte da que se servían os habitantes da vila.

Por outro lado, decide construír o colexio xesuíta chamado "Colexio da compañía de Xesús". Antes da construción do edificio actual, o colexio foise situando en distintos puntos do conxunto en diferentes momentos, estando activa dende o ano 1556, retrasándose a aparición do colexio en si ata 1576.



*Fig.20 Xesuítas ensinando*
*Procedencia: 18*

# RESUMO DE HISTORIA DOS CASTELOS
## MONTERREI



*Fig.21 Parador no Colexio Xesuíta*
*Procedencia: 19*

A finais do século XV e principios do XVI, comeza a decadencia do condado de Monterrei, trala morte do último conde relacionado directamente coa vila, o neto de don Alfonso Acevedo e Zúñiga, Gaspar Acevedo.

A pesares disto, terá unha gran importancia militar durante a guerra de independencia de Portugal do Reino de España.

Monterrei reforzase como espazo militar en 1735 cunha nova guerra con Portugal pero pouco despois xa é mal valorado e comeza unha decadencia e abandono da vila dende os militares, pasando pola decadencia do colexio xesuíta, ata acabar coa reutilización da pedra do colexio para construír casas e veira rúas en Verín.

Durante a década dos anos 60 foi reconstruída por Pons Sorolla, asesorado por Xesús Taboada Chivide, un historiador e arqueólogo moi recoñecido e que dedicou parte da súa vida a investigación do patrimonio cultural da comarca.

Nos anos 70 establecese un parador Nacional nas instalación pertencentes ao conxunto, neste caso o colexio xesuíta que se atopa na parte baixa do conxunto, coa intención de conseguir desta forma ingresos que permitiran a conservación do patrimonio que constituían as ruínas da "acrópole". Isto foi unha práctica habitual durante o franquismo para conseguir sustentar o patrimonio cultural ademais de aportar riqueza ao estado e incitar o turismo no país.

Sempre se pretendeu a creación dese parador no palacio que se estableceu no espazo que antes ocupaba o castelo, pero non e ata 2014 cando se establece na cima do conxunto o parador Nacional. Actualmente o palacio é quen acolle o hotel case na súa totalidade, quedando o colexio xesuíta coma un espazo para realizar as actividades secundarias que oferta o parador.

Por outro lado, o conxunto da antiga poboa pódese visitar de maneira libre ou guiada, actuando polo tanto coma un espazo de atractivo cultural ademais de hoteleiro. Este é outro rasgo típico dos paradores nacionais, como por exemplo o Hostal dos Reis Católicos en Santiago de Compostela, ou un caso mais asimilable pero de maior envergadura, como pode ser a Alhambra de Granada onde podemos visitar todo o espazo sen aloxarnos no parador que alberga no seu interior.

Como ultimo apunte podemos afirmar que nomear a este conxunto coma un castelo non e acertada, pois un termino mais acertado podería ser fortaleza ou simplemente espazo amurallado, pois o castelo desapareceu fai séculos cando se construíu o palacio.



*Fig.22 Patio de armas*
*Procedencia: 20*

## RESUMO DE HISTORIA DOS CASTELOS

Coma conclusión e xuntanza das historias dos castelos, atopámonos polo tanto nun escenario no que os dous grandes eixos de enfrontamento se concentran nos castelos dos que levamos tratando dende o principio: o castelo de Monterrei e o castelo do Sobroso. Si ben é certo que os condes se asentaban no castelo se Souto Maior, era o castelo do Sobroso o que servía coma punto estratéxico pola súa localización e por ser o primeiro en ser reconquistado tralas guerras Irmandiñas.

Queda claro que un dos maiores momentos de relevancia para ambos castelos é o século XV no que os diferentes enfrontamentos entre a nobreza fan que se vexan involucrados e danados.

Isto reforza unha vez máis a comparación entre estas dúas construcións dende un punto de vista da evolución que seguiron ámbolos dous dende a súa fundación ata os nosos días e as adicacións que se lle outorgaron agora.

Tralos diferentes enfrontamentos, as reconstrución dos castelos foi enfrontada de diferentes formas en ámbolos dous.

Mentres o castelo do Sobroso recuperaba o seu aspecto inicial, o castelo de Monterrei tivo unha época de crecemento tanto edificable coma demográficamente seguida dun declive sen parada, en favor de Verín e Pazos. As edificacións dentro da muralla fóronse abandonando e como consecuencia a aparencia do conxunto pasou a ser ruinosa.

Incidir no feito da preferencia da Coroa polo castelo de Monterrei en detrimento do Sobroso, por causas tales coma o posicionamento de forma repetida do lado do bando perdedor nos enfrontamentos, daqueles que rexentaban o castelo.

Todas os grandes momentos dos castelos teñen algo en común: os cambios que se realizan na súa propia estrutura. Será iso o que nos ocupe no seguinte apartado, unha análise paso por paso dos elementos que se añadiron ou quitaron ao longo do tempo.

# TRANSFORMACIÓNS SUFRIDAS ATA O SÉCULO XX



*Fig.23 Restauración dunha Torre da Homenaxe*
*Procedencia: 21*

# TRANSFORMACIÓNS SUFRIDAS ATA O SÉCULO XX

## SOBROSO



Fig. 24 Plantas século XII
Procedencia: 22

### -Urraca I

Non temos información da construción inicial polo que a supomos semellante, aínda que máis simple. Dito doutra forma, a castelo de dona Urraca estaría conformado por unha muralla exterior que protexería a torre principal, a semellanza do castelo dos Andrade en Pontedeume.

O foso sería un espazo mais ben pequeno que cercaría a fortaleza e o cal poderíamos cruzar grazas a unha ponte levadiza.

A empalizada corresponderíase ao cercado que se sitúa na zona inferior.

### -Condes de Ribadavia

Estudando as plantas do castelo, as ampliación e os cambios de forma no espazo son moi pouco probables, do que deducimos que os cambios que puideron producirse durante a pertenza do castelo aos condes se centran na adecuación do recinto para vivenda na parte frontal do castelo. Deste xeito, as modificación que aportan os condes corresponderíanse coa vivenda e cas almeas situadas nos vértices do hexágono que franquean a entrada ao edificio.

O espazo da empalizada permanecería no mesmo lugar ao momento anterior.



Fig. 25 Plantas século XV
Procedencia: 23

### -Guerras irmandiñas

Coas revoltas dos campesiños, o castelo e ocupado e maltratado, sendo unha vítima especialmente atacada polos levantados en armas. Como consecuencia, o edificio é derrubado case por completo, a excepción da torre principal.

Coa reconquista do castelo por parte dos conde, os castelo comeza a ser reconstruído primeiro por Pedro Madruga e máis tarde por García Sarmiento.



Fig. 26 Plantas tralos irmandiños
Procedencia: 24

## TRANSFORMACIÓNS SUFRIDAS ATA O SÉCULO XX

SOBROSO



### -Reconstrución Pedro Madruga

Coa reconquista por parte dos nobres, os castelos comezaron a reparse, exemplo que o segue o castelo do Sobroso. A reconstrución vese interrompida pola guerra de sucesión, polo que as obras non se rematan.

### -Reconstrución García Sarmiento

Pedro madruga non consegue rematar a rehabilitación do castelo e tras anos de abandono, é García Sarmiento quen remata a obra.

### -Ruínas póstumas

O castelo abandonase no século XVII cando perde a importancia militar e comeza a arruinase. No século XX, máis concretamente no ano 1923, comezase unha nova reconstrución e pasa a mans privadas, dado que o castelo e comprado por Alejo Carrera Muñoz quen dedica parte da súa fortuna a restauración do castelo. Atopamos probas visuais desta reconstrución grazas a hemeroteca de rtve.(enlace na bibliografía)

Nos vídeos os obreiros levantan os muros da zona habitada como vivenda. Como resultado, é posible que se engadiran elementos como máis lareiras.

*Fig. 27,28,29,30,31 Plantas do castelo*
*Procedencia: 25*

### -Rehabilitación e posta en marcha como museo

Tras estar en mans privadas para a celebración de festas, pasa a mans públicas en 1981.

Non é ata o século XXI cando se levan a cabo cambios que transforman o edificio en museo propiamente dito engadindo elementos modernos coma servizos, para unha maior comodidade na visita. A pesares disto, o castelo exerce de museo e é considerado ben cultural dende a década dos noventa e finais dos oitenta.



*Fig. 32 Soto Actual do Castelo*
*Procedencia: 26*

A rehabilitación levada a cabo remata no ano 2018 de mans dos arquitectos pertencentes ao departamento de patrimonio da deputación de Pontevedra en colaboración coa Xunta de Galicia.

## TRANSFORMACIÓNS SUFRIDAS ATA O SÉCULO XX

MONTERREI



Fig. 33,34 Plantas século XIII
Procedencia: 26

### -Representación de como podía ser a pequena poboa

Cando no ano 1262 o rei Alfonso X o sabio conseguiu fundar unha poboa no emprazamento no que se atopa o conxunto actual, a aparencia inicial debería ser algo semellante ao que se amosa na imaxe, creada en base ao estudo de outros asentamentos creados na mesma época, e coa axuda das descricións que atopamos no libro A vila de Monterrei e a súa terra (séculos X-XIX).

Trataríase dunha torre rodeada dunha muralla protectora que culminaría o monte no que se sitúa.

*"...cabe suponer que el primer castillo de la villa estuvo adosado a la puerta septentrional de la muralla, donde sobresale una torre que probablemente sea a la que se alude en 1333. ..."*(1)

Ademais, aparece a primeira torre da homenaxe, a torre das damas. Aparece tamén o Hospital de Peregriños.

### - Representación do crecemento da poboa

Co crecemento da poboación no asentamento, tamén o fan as edificacións asociadas a actividade que realizan os propios habitantes e as vivendas dos mesmos.

No século XIII comézase a construción da igrexa de Santa María de Gracia, chegando a súa construción ao século XIV. Trátase polo tanto dunha igrexa de estilo románico con elementos góticos, como é habitual nos templos desta época.

-Cambios dos Zúñiga (primeiro)

A modificación principal que se fai durante os primeiros anos do condado de Monterrei, é a construción do palacio dos condes, ou máis ben o inicio da construción. Este palacio absorbe a torre da homenaxe.

O castelo inicial tamén desaparece mentres as edificación aumentan.

- Guerras Irmandiñas

Coa ocupación en 1466 do palacio por parte dos sublevados, as obras do palacio deteñense e a torre da homenaxe é derrubada.

- Cambios dos Zúñiga (segunda)

Coa recuperación do castelo, Juan Zúñiga constrúe unha nova torre da homenaxe no lugar onde se situaba a derrubada, a "nova torre", en 1469, rematándose as obras en 1482, polo que é rematada polo conde Sancho Ulloa e Teresa Zúñiga. Coa construción da Torre nova, o nivel da praza elevase, e a igrexa deixa de estar a cota.

Rematase o palacio de estilo renacentista á vez que se fai unha capela dentro da igrexa para os condes.



Fig. 35,36,37 Plantas século XIV-XVI
Procedencia: 27




*Fig. 38 Alzados século XVI*
*Procedencia: 28*

## -Cambios con Alfonso Acevedo e Zúñiga

Co cambio de mans, o novo dono renova o palacio engadindo as galerías.

Tamén reforza as murallas e renova a fonte ao norte da vila.

O elemento de maior importancia que xera é o colexio xesuíta ao sur da fortaleza, o cal se vería reforzado




*Fig. 39 Alzados século XVI*
*Procedencia: 29*



*Fig. 40 Fonte século XVI*
*Procedencia: 30*

## -Representación dos cambios militares

No século XVII, constrúese  unha atalaia ademais de dúas murallas protectoras ao redor de todo o conxunto en diferentes momentos: a invasión portuguesa principalmente.

-Representación decadencia

Co abandono progresivo da acrópole por parte dos donos, as construción pasan a ser ruínas pola marcha dos habitantes e dos oficios que acollía o conxunto fortificado.

-Parador

O parador establécese inicialmente nas instalación pertencentes ao colexio onde xesuítas situado na zona inferior do asentamento, fora das murallas.

O castelo é rehabilitado por Andrés Fernández-Albalat, do que atopamos mostras no seu arquivo profesional.

Non é ata o século XXI cando se traslada á situación actual, no palacio, da man do estudo Ezcurra e Ouzande.



*Fig. 41 Planta século XVII*
*Procedencia: 31*

# ANÁLISE DOS DOUS EDIFICIOS EN CANTO A SÚA ARQUITETURA




*Fig. 42 Planta alzado e planta do Sobroso*
*Procedencia: 32*



*Fig. 43 Planta restauración 2014*
*Procedencia: 33*



*Fig. 44 Alzados restauración 2014*
*Procedencia: 34*

En todo momento, os castelos foron tratados por igual sen ter en conta elementos que os separan como son a dimensión ou o numero de edificios que os compoñen.

É neste momento cando falaremos das diferenzas entre ambos conxuntos tras unha explicación de como e cada un deles e ata onde podemos dicir que abrangue a súa influencia. Polo tanto, analizarase a situación actual de ambos castelos.

## ANÁLISE DOS DOUS EDIFICIOS EN CANTO A SÚA ARQUITETURA
## SOBROSO



*Fig. 45 Vilasobroso dende a torre*
*Procedencia: 35*

O castelo atópase nunha situación elevada respeto do territorio que controla.

Trátase dunha construción que encerra dous espazos plenamente diferenciados tanto espacial coma cualitativamente, estruturados nunha planta hexagonal. Os edificios que atopamos no interior dos muros corresponden a torre defensiva e a vivenda dos habitantes do castelo. Consta dunha pequena capela dentro da fortaleza sen estar relacionada directamente ca construción principal, pero si co percorrido que nos leva a entrada do castelo. Esta capela é de construción pobre e moi posterior ao propio castelo.  En canto a posible existencia dunha praza de armas no interior desta construción, é moi posible que se atopara no mesmo espazo no que atopamos a vivenda, dado que se coloca na entrada e en que deixar unha calle interior para non bloquear o acceso a torre.

O acceso a este castelo é difícil, dado que se sitúa no alto dun monte. O comezo do camiño atópase  a unha altura moi inferior ao propio conxunto, polo que todo o camiño consta dunha pendente pronunciada. Isto facilitaba accións coma a propia defensa do conxunto, pero tamén debilidades coma o acarreamento de víveres, polo que no interior da torre atopamos un dos elementos principais como é o pozo de auga, actualmente baleiro. Isto lévanos a pensar que o abastecemento de víveres non era tarefa fácil de realizar.

Ademais, a entrada esta señalizada por unha  arco de pedra que enmarca o acceso ao castelo e cerra o espazo dedicado a reserva botánica.



*Fig. 46 rúa interior Sobroso*
*Procedencia: 46*

## ANÁLISE DOS DOUS EDIFICIOS EN CANTO A SÚA ARQUITETURA

## MONTERREI



*Fig. 47 fotografía dende a torre*
*Procedencia: 37*

Ao igual que o anterior, o castelo atópase nunha posición superior ao territorio que controla. A visión do territorio é máis doada neste caso pola maior regularidade do territorio, respeto ao de Mondariz.

Trátase dun conxunto moito maior que o de Mondariz, pois consta de múltiples edificios dentro dunha mesma zona amurallada, é unha poboa. Polo tanto, falaremos de forma máis explícita do espazo máis elevado, que garda as características propias dun castelo.

No seu interior alberga unha praza central rodeada de catro edificios: o palacio renacentista; a torre da homenaxe; a igrexa; e a casa do sacerdote. Esta praza debeu ser no seu momento a Praza de armas nome que segue mantendo na actualidade. Se baixamos en altura, aparecen novas construcións relacionadas cos habitantes que na vila había. Moitas edificacións perdéronse polo uso da pedra para diversos fins tanto privados coma públicos, como xa se mencionou anteriormente cas veira rúas de Verín.

Se falamos do conxunto nun plano mais amplo, atopamos os restos das dúas portas que daban acceso ao castelo dende o sur e o norte do conxunto. Pola porta norte, entraban os carros e as mercadorías pola maior permeabilidade que presentaba o terreo. Porén, a porta sur, ou do Sol, era máis usada polos visitantes que chegaban a pé, pois a pesares de ser un acceso máis escarpado, era tamén a forma mais directa de entrada, e paso máis claro para os peregrinos do Camiño de Santiago, polo que se coloca o hospital nesta entrada.



*Fig. 48 Pnorámica da praza*
*Procedencia: 38*

# ANÁLISE DOS DOUS EDIFICIOS EN CANTO A SÚA ARQUITETURA

Polo tanto atopámonos con dous espazos que aínda que moi diferentes en canto ao terreo que abranguen comparten elementos coma a súa posición superior respecto do que os rodea ou a existencia de muros que os cercan moito mais ala do espazo último no que se sitúa o castelo.

É obvio o feito dunha maior evolución ou cambio no castelo de Monterrei, o que pode vir xustificado polo propio interese superior por parte da Coroa neste castelo dende a fundación da vila, mentres que o castelo do Soboso foi "castigado" dende que coñecemos a súa existencia pasando de mans e tendo un papel secundario para os propios donos, polo que non se estendeu a superficie de acción que abranguía.

Por outro lado, a evolución ao longo dos séculos das construcións que se atopan dentro do castelo de Monterrei, provocaron a perda da esencia do castelo, pasando a ser máis un recordo que unha realidade, dado que os únicos elementos que conservamos que nos recordan a un castelo son as murallas e a torre da homenaxe, non sendo esta sequera a orixinal. Porén, no castelo do Sobroso encontramos todos os elementos que se entende que sebe ter un castelo, dende a entrada con porta levadiza, unha muralla defensiva inferior, un ha muralla defensiva ao redor da torre, pequenas aperturas nelas, almeas de vixianza...

# COMPARACIÓN CON OUTROS EDIFICIOS DE SEMELLANTES CARACTÉRISTICAS NA COMUNIDADE

Atopamos castelos coma o do Sobroso ao longo do panorama galego, tamén dedicados a museos e exposición de artesanía local, ese e o caso do castelo de Vimianzo, cunha historia semellante á do castelo do Sobroso, e ca mesma dedicación actual.

Ao igual que o castelo do Sobroso, coñecemos o castelo de Vimianzo dende o século XII, momento no que se supón comezaron as obras. É unha construción de maior tamaño que o do Sobroso, pois neste caso si era a residencia principal dos nobres aos que pertencía. Ao igual que o castelo do Sobroso,  consta dunha planta hexagonal irregular, e unha torre da homenaxe, que non é vivenda en ningún dos momentos ao contrario do caso do Sobroso. A vivenda dos nobres atópase noutra construción nun dos lados da fortaleza. Por outro lado, atopamos ao igual que no Sobroso construcións no patio de armas, onde no seu momento se situou a vivenda dos donos do lugar, aínda que neste caso o patio non desaparece por completo como pasa no caso tratado. Ao igual que o noso castelo, tamén consta dunha muralla defensiva que protexe a fortaleza principal. No lugar onde se establece o actual castelo, debeu haber no seu momento un máis simple, unha torre, polos restos que se atopan na propia praza de armas, a semellanza do dos Andrade en Pontedeume.

A diferenza dos castelos do Sobroso e Monterrei, o acceso é moito mais simple e fácil, dado que aínda atopándose nunha altitude maior ao territorio que controla, esta é moi baixa, tratándose dun espazo máis amable en canto a súa orografía.

Se collemos o mesmo castelo e o comparamos con Monterrei, as similitudes que podemos atopar é, sobre todo, a evolución e cambios ao longo do tempo nas construcións que o compoñen. Ao igual que no caso de Monterrei, o primeiro que atopamos na fundación do castelo é un torreón. A evolución do lugar leva a levantar murallas ao redor dun espazo no que se sitúan elementos coma a vivenda do nobre responsable do lugar que posteriormente cambiara de forma e lugar, e non sendo comparable a magnitude, as construcións cambian as calidades tanto espaciais coma funcionais do preexistente antes da súa aparición.

É evidente que non é un caso comparable ao de Monterrei pola propia historia do castelo de Ourense, non comparable a ningún outro caso da xeografía galega e pode que a ningún da xeografía española, pero non sendoo a todos os niveis, si podemos ver xestos semellantes coma os que acabamos de explicar.

## COMPARACIÓN CON OUTROS EDIFICIOS DE SEMELLANTES CARACTÉRISTICAS NA COMUNIDADE




*Monterrei*

1. Espazo dedicado a praza de armas.
2. Torre da homenaxe: a *torre das damas* a esquerda, a primixenia, e a *torre nova* a dereita.
3. Residencia dos donos
4. Espazo elevado e empedrado onde se establece o Castelo, a modo de croa




*Vimianzo*

1. Espazo dedicado a praza de armas.
2. Torre da homenaxe
3. Residencia dos donos: a primixenia á dereita e a posterior no interior da muralla.
4. Espazo elevado e empedrado onde se establece o Castelo, a modo de croa




*Sobroso*

1. Espazo dedicado a praza de armas.
2. Torre da homenaxe
3. Residencia dos donos: ocupa o espazo da praza de armas.
4. Espazo elevado e empedrado onde se establece o Castelo, a modo de croa

*Fig. 49,50,51 debuxos en perspectiva*
*Procedencia: 39*

Nos tres esquemas referentes aos castelos, vense máis claramente as similitudes antes nomeadas. Podemos observar a existencia do “Patio de Armas” inicialmente en todos eles, e como os cambios influíron na aparencia ou desaparición do mesmo.

Coa posta en conxunto dos tres, da a sensación de que poderíamos explicar a evolución de Monterrei dende un castelo semellante ao do Sobroso, ata o que temos actualmente. O castelo de Vimianzo representa unha ponte entre ambos castelos, ou por dicilo doutro xeito, é a ponte dende o século XII (Mondariz) ata o século XVI (Monterrei).

**PROPOSTA DOUTRAS ACTIVIDADES POSIBLES NOS EDIFICIOS**



*Fig. 52 fotografía da parte superior da Torre Nova en Monterrei*
*Procedencia: 40*

## PROPOSTA DOUTRAS ACTIVIDADES POSIBLES NOS EDIFICIOS



*Fig. 53 fotografía do interior da torre de Monterrei*
*Procedencia: 41*

Dende o comezo, as funcións que acollen os distintos edificios son unha das claves para a súa elección. Pero, poderían cambiar estas adicacións?

En canto a Monterrei, as opción de cambio son limitadas dentro do abanico que posibilidades do que se dispón.

Unha intervención habitual no patrimonio é a adaptación dos edificios en edificios nos que a comunidade poida realizar actividades, dende casas culturais a teatros, auditorios...

No caso do castelo de Monterrei, o mais lóxico sería a ampliación das actividades que se puideran realizar no seu conxunto, e a aportación dun espazo de interese para a comunidade. Ese espazo, podería ser o edificio correspondente ao colexio xesuíta, onde se estableceu primeiramente o parador. A situación do colexio é a mais preta e polo tanto mais accesible dende o actual Monterrei. A creación dun espazo de comunidade aportaría unha visión sobre o castelo de propiedade máis ala do feito do lugar onde se atopa. Formaría parte da vida diaria de forma activa dos veciños que acudiran a el. Nel, poderíase establecer unha serie de espazos coma un museo propiamente dito do castelo, salas de traballo, de estudo, espazos para a relación e para a exposición... dito doutra forma, sería a forma de que o pobo recuperara o espazo que antes se abandonou.

Se falamos do éxito do castelo de Monterrei para transformarse en Parador, é posible postular que se trata da facilidade que presentan as construción mais modernas comparados coas estruturas medievais. Os palacios renacentistas ofrecen unha maior facilidade para a transformación e a adaptación dos seus interiores para traelos á actualidade e resolver as necesidades actuais. Polo tanto, un conxunto que sufriu cambios significativos ao longo da historia amosa unha versatilidade maior e permite unha readaptación que edificios moito máis antigos ven limitada polas estruturas que os conforman.

Polo tanto, a pregunta é, seria posible converter o castelo do Sobroso nun Parador ou incluso nun pequeno hotel rural?



*Fig. 54 Castelo usado como espazo de actividades*
*Procedencia: 42*

## PROPOSTA DOUTRAS ACTIVIDADES POSIBLES NOS EDIFICIOS

A resposta a esta pregunta depende de como propoñamos a solución.

Ante a posibilidade de convertelo nun parador, os requirimentos do que ofrece esta rede de hoteis, non permitirían unha actuación directa e satisfactoria unicamente no edificio existente. Polo tanto, a conversión tería que pasar pola utilización de edificios preexistentes na parte baixa da elevación na que se sitúa ou a directa construción dun novo edificio.

Como nos atopamos nun lugar protexido coma reserva natural, esta solución sería complicada pero non imposible. Deberíase comentar aquí o feito de que no momento de recuperación por parte do municipio e da deputación do castelo, o alcalde de Mondariz pretendeu a construción urbanización na lomba do monte que protexe ao castelo para fomentar o turismo na zona. Afortunadamente, o proxecto non saíu adiante e hoxe en día todo o terreo asociado ao castelo, atopase libre de construcións invasibas que terían degradado o valor cultural do castelo e desfeito un paraxe natural.

A realidade é que se os cambios que nos propomos se houberan feito nunha época posterior, serían hoxe en día obxecto de conservación en maior ou menor medida. Na actualidade e dende fai varias décadas, as leis de conservación do patrimonio cultural impiden o cambio físico ou material de todo aquelo que se considera parte do patrimonio nacional e polo tanto todos os usos deben ser respectuosos e os cambios ou adaptacións deben ser diferenciados de forma física e aparente do preexistente.

## PROPOSTA DOUTRAS ACTIVIDADES POSIBLES NOS EDIFICIOS



*Fig. 55 Castelo de Peñafiel*
*Procedencia: 43*

Existen varias ramas nas intervencións no patrimonio: dende as mais inventivas ata as mais respectuosas, chegando a non tocar en absoluto a estrutura, unicamente mantela. Xeralmente as liñas de actuación nas intervención contemporáneas mantéñense nunha liña neutral, na que o que se pretende é alcanzar unha reconstrución respectuosa co existente á vez que resolven os problemas expostos. Pódense basear en informacións históricas de como era anteriormente como por exemplo no Museo do Viño, o castelo de Peñafiel, no que se reconstrúe unha estrutura interior de madeira sen chegar a tocar nos muros de pedra e co que se conseguen varios obxectivos: crear un espazo para o museo, é vez que se aporta un espazo superior dende o que se conseguen unhas vistas espectaculares grazas a propia situación do castelo e a elevación interior. No caso do noso castelo do Sobroso non temos constancia da existencia de estruturas preexistentes que nos permitiran xustificar a implantación dun elemento "novo" que nos servira para resolver as esixencias dun conxunto hoteleiro.

Polo tanto, desbotase a idea da creación dun Parador Nacional propiamente dito que invada o conxunto protexido. Desta forma quedaría unicamente a posibilidade de utilizar aquelo edificado na parte baixa para establecer este parador. Poderíase converter o propio castelo nunha experiencia residencial temporal que permitira experimentar o feito de habitar nun castelo medieval cas evidentes vantaxes que aportarían as novas comodidades e tecnoloxías.

Como consecuencia e polo seu reducido tamaño, parte do existente non seria posible visitalo polo que o aspecto cultural do castelo veríase afectado.

Se falamos de converter o castelo nunha pequena oferta hoteleira, a oferta cultural veríase igualmente diminuída, pero a ocupación posible non permitiría o mantemento do conxunto e moito menos obter beneficios. É dicir, o tamaño e situación do castelo condiciona en toda medida aquelo ao que podería dedicarse.

Sería posible a conversión nunha oferta hoteleira? A resposta é si, pero sempre que este asociada a un conxunto maior que permitira o seu mantemento e rentabilidade, como pode ser o Balneario de Mondariz situado a poucos quilómetros e que xa oferta o Castelo do Sobroso como un reclamo turístico e de interese cultural.

Esclarecer en calquera caso, que todo o proposto se trata unicamente dunha posibilidade de intervención en base aos análises feitos anteriormente en canto a arquitectura e o seu entorno.



*Fig. 56 Interior Castelo hotel*
*Procedencia: 44*

# CONCLUSIÓN

Dende o comezo do traballo, intentase entender as causas que levan a unha dedicación diferente de conxuntos que se clasifican nunha mesma tipoloxía a actividades de todo diferentes.

A conclusión pasa pola explicación das transformacións que sufriron os diferentes castelos ao longo da súa historia e o abandono que tiveron durante diferentes épocas provocando a diferenza entre as posibles ampliacións e redistribucións posibles do espazo no seu momento.

Polo tanto, unha das razóns claras que se extraen da análise destes dous castelos para a dedicación de cada un na actualidade, e a propia evolución e os cambios físicos que se fixeron neles. Por outra banda, o que se coñece da acrópole en canto as modificacións é moito maior que o que se coñece do Sobroso, é dicir, en todo momento os cambios realizados en Monterrei son recollidos de forma escrita, mentres que das reconstrución e utilizacións do Sobroso se ten moita menos información. Isto impide basearse na existencia de elementos existentes no pasado para unha reconstrución na actualidade por falta de probas.

Outra das razóns claras, é o tamaño do que se dispón en cada un dos espazos escollidos para a análise, pero que non explica outros coma o castelo de Vimianzo tratado para a exposición de ambos castelos.

Unha lección que se extrae da realización do traballo é que todo aquel elemento histórico, xa sexa un castelo, un palacio, ou unha choza, ve como o seu valor cultural e social se ve reducido en canto se trata coma un valor inmoble do que e co que obter beneficios. Dito doutro modo, a accesibilidade por parte da cidadanía a aqueles elementos transformados para o uso hoteleiro e polo tanto privado, é menor en tanto e canto a visita a certos puntos (habitualmente os máis interesantes) se ven aliñados ao uso das instalacións.

Por outra banda, o feito de que estes edificios sexan dedicados a un uso privado, facilita o mantemento do lugar cultural, o cal sería probablemente peor tratado de non estar ligado a unha actividade económica.

Si ben isto é certo, a actividade non tería por que excluír outras de carácter máis social como xa se nomea na proposta de actuación en Monterrei.

Pola mesma razón de intentar soster o monumento histórico dende o capital privado, en Mondariz atopan outra forma de obter a financiación. Coa venda de artesanía local, e unha pequena entrada, conséguese financiar parte do mantemento á vez que se da a coñecer parte da historia do castelo sen impedir visitalo na súa totalidade. Este modelo é o usado maioritariamente en todos os edificios de carácter cultural, como se pode deducir polo nomeamento de distintos edificios que se veñen expondo a modo de comparación ao longo do traballo. O problema deste modelo é que a recadación financeira non chega para manter o ben cultural, polo que son os fondos do estado os que acaban pondo o groso económico.

Por último dicir que o estudo destes dous castelos e das súas historias permiten coñecer dun xeito mais claro a sucesión de feitos históricos de relevancia para o territorio galego e as implicacións a nivel nacional, pois dende que comezamos a estudar a historia de España, dásenos a entender que os galegos fomos uns segundóns, non dábamos problemas e cando se intentaban revoltas, estas eran esmagadas sen maiores problemas pois sempre estaban aliñadas co bando perdedor. A pesares de que isto último é certo, a importancia e impacto dos galegos, é tal que incluso marcan o final de loitas tan importantes coma a Guerra de Sucesión Castelá.

# CITAS


1. Pérez Rodríguez, Francisco Javier. *La villa de Monterrey y su tierra (siglos X-XIX)*. Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2015. Página 33

## BIBLIOGRAFÍA


- Pérez Rodríguez, Francisco Javier. *La villa de Monterrey y su tierra (siglos X-XIX)*. Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2015.
- *Pedro Madruga | Ayuntamiento de Soutomaior*. https://www.soutomaior.gal/es/pedro-madruga-2/. Accedido 3 de septiembre de 2020.
- *Catálogo Colectivo de la Red de Bibliotecas de los Archivos Estatales > Monterrei (Orense). Fortificaciones. Planos. 1762*. http://www.mcu.es/ccbae/es/consulta_aut/registro.cmd?control=BAA20100216170. Accedido 3 de septiembre de 2020.
- Ángel Gutierrez, *Historia y leyenda del Castillo de Sobroso*.(Vigo:Talleres Faro de Vigo.1957)
- *Inventario | SIOTUGA*. http://www.planeamentourbanistico.xunta.es/siotuga/inventario. Accedido 3 de septiembre de 2020
- Barros, Carlos. *Torres, varas e demos os irmandiños da ría Muros-Noia*. Toxosoutos, 2009
- López Carreira, Anselmo. *Os irmandiños: textos, documentos e bibliografía*. 1. ed, Edicións a Nosa Terra : Promocións Culturais Galegas, 1991.
- *OBRAS DE RECONSTRUCCION DEL CASTILLO DE SOBROSO O VILLASOBROSO - RTVE.es*. 2014. *www.rtve.es*, https://www.rtve.es/alacarta/videos/archivo-historico/obras-reconstruccion-del-castillo-sobroso-villasobroso/2935240/.
- Rivera Blanco, José Javier. *De varia restauratione: teoría e historia de la restauración arquitectónica*. Abada Ed, 2008
- Soraluce Blond, José-R. *Castillos y fortificaciones de Galicia: la arquitectura militar de los siglos XVI-XVIII*. Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, 1985
- Arquivo profesional de Andrés Fernández-Albalat

**GLOSARIO DE IMAXES**

2. Butragueño, Eduardo Sánchez. *Restauración de San Juan de los Reyes a inicios del siglo XX. Foto Rodríguez*. 4 de octubre de 2002. *Flickr*, https://www.flickr.com/photos/65595512@N00/4350444129/.

*3. C astillo de ashford - Búsqueda de Google*. https://www.google.com/search?q=castillo+de+ashford&rlz=1C1GCEA_enES838ES838&sxsrf=ALeKk010prp8pk_5TTpT-8dTB_DNM7wp2A:1599142123394&source=lnms&tbm=isch&sa=X&ved=2ahUKEwiT-NbRlM3rAhWk6uAKHXxkDyAQ_AUoAXoECB0QAw&biw=1536&bih=674#imgrc=L7Wpe5YJwIrRTM. Accedido 3 de septiembre de 2020.

4. *doña urraca i de leon - Búsqueda de Google*. https://www.google.com/search?q=do%C3%B1a+urraca+i+de+leon&rlz=1C1GCEA_enES838ES838&sxsrf=ALeKk01VOOI1u9PctUQUlWlpAkFK_xuNig:1599174316153&source=lnms&tbm=isch&sa=X&ved=2ahUKEwjM9bDIjM7rAhWVA2MBHZKZBcYQ_AUoAnoECBsQBA&biw=1536&bih=674#imgrc=FY37YQ7cTXOsQM. Accedido 3 de septiembre de 2020.

5. *alfonso x - Búsqueda de Google*. https://www.google.com/search?q=alfonso+x&tbm=isch&ved=2ahUKEwjEqb3JjM7rAhWQ0YUKHTp4BE4Q2-cCegQIA-BAA&oq=alfonso+x&gs_lcp=CgNpbWcQAzIECCMQJzICCAAyBQgAELEDMgIIADICCAAyAggAMgIIADICCAAyAggAMgIIADoECAAQQzoHCAAQsQMQQ1D3_AJY3owDYLaOA2gAcAB4AIABsQKIAfYPkgEHMC4xLjcuMZgBAKABAaoBC2d3cy13aXotaW1nwAEB&sclient=img&ei=rnZRX8SaG5CjlwS68JHwBA&bih=674&biw=1536&rlz=1C1GCEA_enES838ES838#imgrc=2_DdiRH9zf7beM. Accedido 3 de septiembre de 2020.

6. Autoría Propia

7. Autoría Propia

9. *dibujo castillo de mondariz - Búsqueda de Google*. https://www.google.com/search?q=dibujo+castillo+de+mondariz&rlz=1C1GCEA_enES838ES838&sxsrf=ALeKk024hDQnQx2RmmMCkpLYCLAaQaQRmQ:1599149493631&source=lnms&tbm=isch&sa=X&ved=2ahUKEwiCtoqMsM3rAhWID2MBHXyODXoQ_AUoAXoECAwQAw&biw=1536&bih=674#imgrc=8wcUwrqbTNIQjM. Accedido 3 de septiembre de 2020.

10. Postal de venta no Castelo de Sobroso

11. *pedro madruga - Búsqueda de Google*. https://www.google.com/search?q=pedro+madruga&rlz=1C1GCEA_enES838ES838&sxsrf=ALeKk00-UVn2MD8N3XwydmFaKtRpiatfoA:1599144562071&source=lnms&tbm=isch&sa=X&ved=2ahUKEwi3-MPcnc3rAhXL8eAKHX5KBSMQ_AUoAnoECBkQBA&biw=1536&bih=674#imgrc=dIct-epDkJ0ioM. Accedido 3 de septiembre de 2020.

12. Postal de venta no Castelo de Sobroso

*13. capilla castillo mondariz - Búsqueda de Google*. https://www.google.com/search?q=capilla+castillo+mondariz&rlz=1C1GCEA_enES838ES838&sxsrf=ALeKk00cZ-EB6_C1ND4KfA-w97BqZHKvhg:1599141672188&source=lnms&tbm=isch&sa=X&ved=2ahUKEwi8scP6ks3rAhWl3OAKHQJGCQIQ_AUoAnoECB8QBA&biw=1536&bih=674#imgrc=280PA3aZR6vk_M. Accedido 3 de septiembre de 2020.

14. Autoría propia

15. Autoría propia

**GLOSARIO DE IMAXES**

16. *Catálogo Colectivo de la Red de Bibliotecas de los Archivos Estatales > Monterrei (Orense). Fortificaciones. Planos. 1762*. http://www.mcu.es/ccbae/es/consulta_aut/registro.cmd?control=BAA20100216170. Accedido 3 de septiembre de 2020.

*17. guerras irmandiñas en monterrey - Búsqueda de Google*. https://www.google.com/search?q=guerras+irmandi%C3%B1as+en+monterrey&rlz=1C1GCEA_enES838ES838&sxsrf=ALeKk00VJCNZ7rvEmGdGmvzPhULVliTi0g:1599140609252&source=lnms&tbm=isch&sa=X&ved=2ahUKEwip9tb_js3rAhWRBGMBHZtwBwIQ_AUoAXoECBUQAw&biw=1536&bih=674#imgrc=94Doi4u6T27a3M. Accedido 3 de septiembre de 2020.

18. *parador monterrei años 80 - Búsqueda de Google*. https://www.google.com/search?q=parador+monterrei+a%C3%B1os+80&tbm=isch&ved=2ahUKEwiYnOiXqc3rAhWP4oUKHV4BAmUQ2-cCegQIABAA&oq=parador+monterrei+a%C3%B1os+80&gs_lcp=CgNpbWcQDDoECAAQHjoGCAAQCBAeOgQIABAYUPPLAlih2AJgteUCaABwAHgAgAHFAogB9gySAQcwLjUuMi4xmAEAoAEBqgELZ3dzLXdpei1pbWfAAQE&sclient=img&ei=dw5RX9iEC4_FlwTegoioBg&bih=674&biw=1536&rlz=1C1GCEA_enES838ES838#imgrc=E5wgsXfbKvFvBM. Accedido 3 de septiembre de 2020

19. *xesuitas idade media - Búsqueda de Google*. https://www.google.com/search?q=xesuitas+idade+media&rlz=1C1GCEA_enES838ES838&hl=es&tbm=isch&sxsrf=ALeKk0280HR9T4xU3SWD-0uWq_Pdsr9vag:1599146442969&source=lnms&sa=X&ved=0ahUKEwjn0rTdpM3rAhURkxQKHaAbAWIQ_AUICygB&biw=1536&bih=674&dpr=1.25#imgrc=3PHfyD9zhMC5iM. Accedido 3 de septiembre de 2020.

20. *parador monterrei - Búsqueda de Google*. https://www.google.com/search?q=parador+monterrei+&tbm=isch&ved=2ahUKEwitjKiRrM3rAhUMQhoKHTpdAgwQ2-cCegQIA-BAA&oq=parador+monterrei+&gs_lcp=CgNpbWcQA1DABljABmDSB2gAcAB4AIABAIgBAJIBAJgBAKABAaoBC2d3cy13aXotaW1nwAEB&sclient=img&ei=jhFRX62NNIyEabq6iWA&bih=674&biw=1536&rlz=1C1GCEA_enES838ES838#imgrc=ssge2NSKB-B-eM&imgdii=AEa1lDQqWy_b1M. Accedido 3 de septiembre de 2020.

21. *castillo en obras - Búsqueda de Google*. https://www.google.com/search?q=castillo+en+obras&rlz=1C1GCEA_enES838ES838&sxsrf=ALeKk00ReXikJXmqlhjJ02ktsPQ0J7ENGQ:1599144011951&source=lnms&tbm=isch&sa=X&ved=2ahUKEwiTqZvWm83rAhVnAGMBHYbHBCgQ_AUoAXoECAwQAw&biw=1536&bih=674#imgrc=_gnx2kUEogTp0M. Accedido 3 de septiembre de 2020.

22. Autoría propia

23. Autoría propia.

24. Autoría propia.

25. Autoría propia.

26. Autoría propia.

27. Autoría propia.

28. Arquivo Profesional de Andrés Fernández-Albalat.

29. Arquivo Profesional de Andrés Fernández-Albalat.

30. Pérez Rodríguez, Francisco Javier. *La villa de Monterrey y su tierra (siglos X-XIX)*. Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2015. Páxina 63.

**GLOSARIO DE IMAXES**

31. autoría propia

32. *capilla castillo mondariz - Búsqueda de Google*. https://www.google.com/search?q=capilla+castillo+mondariz&rlz=1C1GCEA_enES838ES838&sxsrf=ALeKk00cZ-EB6_C1ND4KfA-w97BqZHKvhg:1599141672188&source=lnms&tbm=isch&sa=X&ved=2ahUKEwi8scP6ks3rAhWl3OAKHQJGCQIQ_AUoAnoECB8QBA&biw=1536&bih=674#imgrc=U26PP-juzID5PM. Accedido 3 de septiembre de 2020.

33. *planos castillo monterrei - Búsqueda de Google*. https://www.google.com/search?q=planos+castillo+monterrei&rlz=1C1GCEA_enES838ES838&sxsrf=ALeKk01Y_gjajZ1BSuV1w4YaqPds81vivQ:1599144930425&source=lnms&tbm=isch&sa=X&ved=2ahUKEwjBs5aMn83rAhX9A2MBHcIFDxkQ_AUoAXoECAwQAw&biw=1536&bih=674#imgrc=Q_0y0IhZNCfMUM. Accedido 3 de septiembre de 2020.

34. *planos castillo monterrei - Búsqueda de Google*. https://www.google.com/search?q=planos+castillo+monterrei&rlz=1C1GCEA_enES838ES838&sxsrf=ALeKk01Y_gjajZ1BSuV1w4YaqPds81vivQ:1599144930425&source=lnms&tbm=isch&sa=X&ved=2ahUKEwjBs5aMn83rAhX9A2MBHcIFDxkQ_AUoAXoECAwQAw&biw=1536&bih=674#imgrc=Q_0y0IhZNCfMUM&imgdii=FLZMP5v8bU6vOM. Accedido 3 de septiembre de 2020.

35. autoría propia

36. autoría propia

37. autoría propia

38. autoría propia

39. autoría propia

40. autoría propia

41 autoría propia

42. *auditorios en castillos - Búsqueda de Google*. https://www.google.com/search?q=auditorios+en+castillos&rlz=1C1GCEA_enES838ES838&sxsrf=ALeKk03F3-ESViXEpUuC52ZvOL-gXx8XLNg:1599152996838&source=lnms&tbm=isch&sa=X&ved=2ahUKEwiSm8WSvc3rAhUU6OAKHan5A4sQ_AUoAXoECAsQAw&biw=1536&bih=674#imgrc=SOQycfc7AbONHM. Accedido 3 de septiembre de 2020.

43. *castillo de peñafiel - Búsqueda de Google*. https://www.google.com/search?q=castillo+de+pe%C3%B1afiel&rlz=1C1GCEA_enES838ES838&sxsrf=ALeKk0230La9nbStigLFHOzvdrS23Fq7tw:1599153216470&source=lnms&tbm=isch&sa=X&ved=2ahUKEwiExaL7vc3rAhVLBWMBHbnADdUQ_AUoAXoECCAQAw&biw=1536&bih=674#imgrc=I5Mt3UTx0b6aAM. Accedido 3 de septiembre de 2020

44. *castillo hotel galicia - Búsqueda de Google*. https://www.google.com/search?q=castillo+hotel+galicia&tbm=isch&ved=2ahUKEwiXuKT9vc3rAhWZ04UKHUTqBrgQ2-cCegQIA-BAA&oq=castillo+hotel+galicia&gs_lcp=CgNpbWcQAzIECAAQGDoECCMQJzoECAAQQzoFCAAQsQM6BwgAELEDEEM6AggAOgYIABAFEB46BggAEAgQHlDC0wtYnu4LYN3vC2gAcAB4AIAB2wGIAfIekgEGMC4xMy44mAEAoAEBqgELZ3dzLXdpei1pbWfAAQE&sclient=img&ei=RCRRX5eGKpmnlwTE1JvACw&bih=674&biw=1536&rlz=1C1GCEA_enES838ES838#imgrc=TfEYFHb_9UPXWM&imgdii=HaMPwfLRsyFSkM. Accedido 3 de septiembre de 2020.